


Bogmeixón

Xullo 2016

Revista Informativa do Concello

Nº 34



IMPRESO SIN DIRECCIÓN

ESPAÑA

FRANQUEO
PAGADO



Aut. nº 150493

Merillotes Fotografía

Editorial	2
Amortización de toda a débeda bancaria	3
Melloras na rede de saneamento	4
Actuacións en 47 pistas e camiños de titularidade municipal	5
Mellora da pavimentación de seis rúas	6
Obras nas unitarias, nas escolas, no local social de Loureda e nos campos de fútbol	7
Limpeza de sinais viarias e apertura de cunetas	8
Novo obradoiro de emprego para setembro	9
Novo ciclo superior para o CFEA de Sergude	10
Mantemento e conservación de zonas verdes e áreas naturais	11
Tempada de éxito para os equipos de fútbol de Boqueixón	12
III Encontro Dragal	14
Novos vehículos destinados á prevención e extinción de incendios forestais	15
Prácticas formativas en empresas no estranxeiro	16
Programa de voluntariado xuvenil	17
XXV Encontro de Maiores	18
“Semana Activa”	19
Nova web sobre o Pico Sacro	20
CoidarNos	21
Obradoiros de igualdade de xénero	22
Apertura da piscina municipal	23



Un ano de lexislatura

Xa levamos máis dun ano de lexislatura. Pouco tempo para realizar conclusións nun proxecto a longo prazo, pero si para dar conta das primeiras medidas que se tomaron nos últimos meses e que marcan un camiño a seguir, entre as que se poden destacar:

- Redución a 0 da débeda bancaria municipal.
- Reordenación dos traballadores municipais, para unha maior atención aos veciños e máis traballo no exterior do concello.
- Municipalización do servizo de abastecemento de auga.
- Redución dos impostos municipais do IBI de rústica e do ICIO, e anulación de taxas administrativas.
- Potenciamento da área social, cun aumento do 25% nas horas de atención domiciliar para casos de dependencia.
- Posta en valor do Pico Sacro e doutros recursos patrimoniais e naturais.
- Compromiso da Xunta de Galicia para investimentos en estradas, patrimonio e medio ambiente, entre outros.
- Aumento do esforzo no mantemento das infraestruturas e recursos municipais.
- Diálogo constante cos veciños e transparencia total das decisións de goberno.

Son consciente de que queda moito por facer e que non todo se fixo ben, pero o compromiso é o de seguir poñendo en marcha proxectos que melloren o futuro do noso Boqueixón.

Ovidio Rodeiro

Alcalde de Boqueixón

Boqueixón amortiza toda a débeda bancaria, que ascendía nestes momentos a 323.470 euros

O concello aprobou amortizar o único crédito bancario que o concello ten subscrito con Abanca e que ascendía en xullo a 323.470 €. Esta decisión foi posible gracias ao remanente positivo de tesourería de 1.070.000 € que resultou da liquidación do orzamento de 2015.

O alcalde do concello, Ovidio Rodeiro, destacou que o goberno municipal cumpriu en tan só un ano o obxectivo económico da legislatura, que era liquidar a débeda bancaria.

Tamén resaltou que con esta medida o concello aforrará máis de 33.000 euros en intereses, xa que o crédito vencía en 2028.

O crédito foi solicitado en 2008 e tiña 20 anos de vixencia, cun valor inicial de 1 millón de euros. Estes cartos foron empregados na súa gran maioría para aumentar a rede municipal de abastecemento de auga potable, da que na actualidade dispoñen o 100% dos núcleos de poboación de Boqueixón.

Actuarase en 15 km de vías e faranse dous sendeiros

A Xunta destina 800.000€ para obras nas estradas A Susana – Ponteledesma e Lamas – Aríns

Boqueixón beneficiarase de obras por importe superior aos 800.000€ para a mellora de estradas do municipio e para construír itinerarios seguros e sostibles. Así o anunciou a conselleira de Infraestruturas e Medio Ambiente, Ethel Vázquez, durante una reunión de traballo mantida co alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, no mes de abril.

Este investimento irá destinado á mellora do firme de máis de 15 kilómetros de estradas e a construción de sendas seguras.

As obras executarase na estrada que vai dende A Susana a Vila de Cruces (estrada AC-960) e tamén a que une Lamas e Ponte Marzán (AC-261). Destinaranse a esta actuación un total de 435.000€ por parte do Goberno galego.

Dúas sendas seguras e sustentables

Este plan de actuación ten como obxecto a construción dun



A conselleira de Infraestruturas e Medio Ambiente, Ethel Vázquez, na súa visita a Boqueixón

itinerario peonil seguro e accesible na AC – 960 entre A Susana – Polígono Industrial cunha lonxitude de 800m. e entre A Susana – A Eirexe con 1.100m. de lonxitude.

Estas actuacións proporcionarán aos veciños de Boqueixón, sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe para realizar os seus itinerarios habituais.

O alcalde salientou que no tra-

mo que se actuará “localízanse un elevado número de vivendas, negocios e edificios públicos”, o que ocasiona un significativo tránsito de peóns que actualmente circula pola beiravía. Neste sentido, as accións proxectadas mellorarán a súa seguridade viaria, fixéndose como punto básico a construción dun itinerario co fin de separar o tráfico rodado do peonil.

O investimento máis importante será para facer unha nova EDAR en Sergude

Un millón de euros para mellorar a rede de saneamento

A Consellería de Medio Ambiente e o concello asinaron un convenio para investir un millón de euros que mellorará moito a

calidade da rede de saneamento. Os traballos centraranse en ampliar as instalacións hidráulicas de distintas parroquias do municipio.

En concreto, está previsto executar unha nova estación depuradora de augas residuais en Sergude, que permitirá a conexión do saneamento dos núcleos máis próximos e que vai facilitar a ampliación do solo industrial que recolle o planeamento municipal vixente. Ademais, tamén se construíra unha nova depuradora de 100 habitantes equivalentes na parroquia de Gastrar, xunto con dúas redes de 1 quilómetro de lonxitude que recollerán as augas residuais da zona. Ao mesmo tempo, o obxectivo tamén será ampliar as redes de saneamento doutros lugares do concello, como Vilaboa, en Gastrar, ou Alboia, en Lamas.



A conselleira de Medio Ambiente, Beatriz Mato, e o alcalde de Boqueixón, na firma do convenio

O concello reduce o imposto municipal das edificacións en solo rústico vinculadas ao sector primario do 0,44 ao 0,3 por cento

O pleno municipal de Boqueixón aprobou en xullo modificar a ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóveis (IBI), co obxectivo de reducir o coeficiente de tributación sobre o valor catastral das edificacións das explotacións agrarias, gandeirias e forestais en solo rústico, que pasan do tipo actual do 0,44% ata un 0,3% nos orzamentos de 2017.

Con esta medida preténdese beneficiar ao sector primario, de gran importancia na economía do municipio, e garantir que as explotacións agrarias, gandeirias e forestais desenvolvan a súa actividade dentro dun marco de competitivi-

dade e crecemento. Boqueixón conta con 3.200 hectáreas de masa forestal e 1.800 destinadas á produción agropecuaria.

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, sinala que esta é a segunda baixada de tributos locais nesta lexislatura, xa que no

pleno do pasado mes de decembro o concello aprobou unha modificación da ordenanza fiscal que regula o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) para baixar o gravame desta taxa do 2,5% ata o 1,9% que rexe na actualidade.



Levaranse a cabo obras de asfaltado, aglomerado, apertura de gavias e enzahorrado por un valor de 450.000 €

O Concello mellorará 47 pistas e camiños de titularidade municipal

O Concello de Boqueixón executará obras de mellora de pistas e estradas de competencia municipal que afectarán aos viais da maioría das parroquias que compoñen o concello. A suma destes proxectos supón un investimento de 465.160,59€ que proveñen de fondos propios, da Deputación da Coruña e do Agader da Xunta de Galicia.

As obras consisten, na súa gran maioría, no asfaltado, aglomerado, apertura de gavias e enzahorrado.



RELACIÓN DE OBRAS PRESUPOSTADAS

Camiño cruce de Carabán a cruce de Lamas	Camiño da Picotiña (interior) (Lestedo)
Camiño Igrexa de Lestedo a Xulián (Rubial)	Camiño de Ramil a límite Vedra
Camiño Piñeiro de Arriba	Acceso a escola unitaria de Sergude
Camiño Monte cima da Alboya (Lamas)	Camiño por arriba casa Varela cara Loureda
Camiño cima de Orto ramal 1 (Codeso)	Acceso en Casaldesuso C. Reibal
Camiño baixada cima de Orto a estación bombeo canteiras (Codeso)	Acceso en Pumares (Sergude)
Camiño cima de Orto ramal 2 (Codeso)	Interiores en Casal
Camiño do Casal a AC-261	Interiores en Casal II
Camiño monte de Agra a Moa (Loureda)	Camiño de Ponte Ledesma a igrexa de Oural
Camiño aeroporto – cima de Moa (Loureda)	Camiño de Gándara a Deseiro de arriba
Camiño de monte volta a Midón (Loureda)	Camiño de Senande pola Espiñeira (Lamas)
Camiño en Xiadás (Gastrar)	Camiño de ponte Pumares cara local social (Sergude)
Camiño de Casalpegito a volta da igrexa (Gastrar)	Camiño de Ramil a área recreativa (Lestedo)
Camiño de Casalpegito dirección Loureda	Camiño de Castro de abaixo a Capela (Oural)
Camiño alto de Vilaboa (Gastrar)	Camiño de Deseiro de Arriba a parada bus escolar (Sergude)
Camiño de N-525 dirección Pico Sacro (Lestedo)	Camiño de Preselo a igrexa de Sergude (Sergude)
Camiño de AC-960 a AC-240 (Codeso)	Camiño de aserradero de Vilela a local social (Gastrar)
Camiño de Porcariza a cima Devesa (Codeso)	Camiño límite Touro a local social (Gastrar)
Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo)	Camiño de cargadeiro a parada bus escolar en Vilaboa (Gastrar)
Camiño de Roble a Pumariño (Pousada)	Camiño da N-525 a Rebordelo de arriba
Camiño xunto bar A Cañiza (Oural)	Camiño en zona de concentración parcelaria parroquia da Granxa límite con Lestedo
Camiño de Zubiri a Peneliña (Oural)	
Camiño de Donas a Caldelas	
Interiores en Codeso – C. Serto	

Esta actuación consistirá na mellora da pavimentación das rúas Medio Ambiente colaborará con máis de 80.000€ na urbanización de seis rúas



A travesía de León será unha das rúas que se mellorarán co Plan HURBE

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio colaborará co Concello de Boqueixón na mellora da Travesía de Camporrapado, Travesía de León (Oural), o acceso á praza e á Casa da Cultura, e da rúa Ponteledesma.

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, trasladoulle este compromiso do departamento que dirixe ao alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, co que mantivo unha reunión e na que lle confirmou que a Xunta de Galicia aportará un orzamento de máis de 80.000 euros para levar a cabo esta mellora.

Trátase da pavimentación da Travesía de Camporrapado, cunha lonxitude 80 metros, mellorárase a pavimentación da rúa e tamén

se fará a canalización para augas pluviais; mentres que na Travesía de León, no acceso á Casa da Cultura, na rúa Ponteledesma, na rúa Mestre Manuel Gacio e na rúa Francisco Sinde levarase a cabo unha mellora da capa de rodaxe.

Esta actuación, enmárcase dentro do Plan HURBE.

Plan Hurbe

O Plan HURBE é un programa de actuación que a Xunta impulsou en 2010 para dar resposta á necesidade de humanización das vilas de Galicia. Tendo en conta o modelo social de integración cidadá, busca o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.

Investiranse preto de 95.000€ na conexión dos colectores actuais á rede xeral da depuradora de Sergude

Os colectores do polígono da Susana uniranse á rede xeral de saneamento



Vista actual da depuradora do polígono industrial

O Concello de Boqueixón executará obras por un importe de 93.268,64€ na mellora da rede de saneamento do polígono industrial de Sergude.

Na actualidade este polígono conta cunha rede de colectores de saneamento que dá servizo ás distintas parcelas e que se conecta ca depuradora do propio polígono, a cal require dun mantemento extraordinario debido á irregularidade da carga contaminante das augas fecais.

Coas obras a realizar minimizarase o efecto da irregularidade da carga contaminante das fecais do polígono e reduciranse

os costes de mantemento.

Canalización de 490m de tubaría e execución de 10 pozos estancos e 2 normais

As obras de mellora, subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, consistirán na realización dun bypass na depuradora do polígono e a canalización de 490m de tubaría de PVC de 400m de diámetro ca execución de 10 pozos estancos e 2 normais.

Obras nas unitarias, na escola de primaria, no local de Loureda e nos campos de Camporrapado e O Forte por valor de 130.000€

Máis de 78.000€ irán destinados ao acondicionamento das escolas unitarias de Camporrapado, Sergude e Lestedo e do colexio de primaria do Forte.

O Concello, a través do Plan de Acción Social da Deputación da Coruña destina 133.437,04€ á realización de obras de acondicionamento e mellora nas escolas unitarias, no colexio de primaria, no local social de Loureda e nos campos de fútbol de Camporrapado e O Forte.



Sustitución de fiestras, limpeza e pintado de fachadas e pintado interior entre as obras a realizar

De entre as actuacións de acondicionamento a realizar destacan a sustitución de fiestras nas tres escolas unitarias, a colocación de lavabo e inodoro infantil nas unitarias de Lestedo e Camporrapado, o pintado exterior da escola de primaria, a demolición e sustitución do muro exterior dos campos de fútbol de Camporrapado e O Forte e a limpeza de fachada e o pintado interior do local social de Loureda.

Reparación da ponte de Donas

No mes de marzo executáronse obras de reparación da ponte que pasa sobre o regato de Valpedre na parroquia de Donas. Estas consistiron no desbroce e limpeza do terreo a man, na demolición do muro existente, na construción dun muro de mampostería e na reconstrución do petril da ponte.



O inventario de camiños públicos a exposición

A sala de usos múltiples do concello acolleu durante os meses de abril, maio e xuño, a exposición do inventario de camiños públicos co obxectivo de implicar aos veciños e veciñas de Boqueixón na elaboración e redacción do documento e así facilitar a participación cidadá directa.

Este documento aprobarase en pleno e posteriormente abrirase outro proceso de exposición pública para poder facer as alegacións oportunas.



Estas actuacións están incluídas no plan de mantemento de estradas, pistas e camiños municipais

Limpeza de máis de 400 sinais viarias e apertura de 25.000 metros de cunetas

O concello de Boqueixón está a levar a cabo un programa estruturado que garante o adecuado mantemento das estradas municipais a través da limpeza e adecentamento da sinalización viaria.

Todas as parroquias se beneficiaron desta medida que consistiu no desbroce da herba que limitaba a visibilidade das sinais e no lavado das mesmas.

A través desta medida actúase dun modo preferente na mellora das estradas de competencia municipal que vertebran o concello de Boqueixón.



Reapertura e limpeza de cunetas

Durante os meses de xaneiro a xuño, realizouse a reapertura e acondicionamento de máis de 25.000 metros de cunetas das pistas municipais que contaban cun maior deterioro debido á acción da auga de chuva. Nesta acción empregouse o tractor municipal, a pá mixta e varios operarios municipais.



Inicio da campaña de desbroce

No mes de maio deu comezo a campaña de desbroce das pistas e camiños do municipio, dando preferencia ás máis afectadas pola maleza. Os operarios deste servizo traballan a dobre turno para dar cobertura á totalidade das demandas.

Nestes últimos anos estanse limpando unha vez ó ano, a intención municipal é facer tres desbroces anuais das pistas e rúas dos núcleos de poboación, un desbroce anual das estradas municipais asfaltadas e un desbroce cada dous anos das pistas de monte. A compra dunha desbrozadora de brazo permitirá axilizar estes traballos.



Dúas especialidades: Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaria e Traballos de carpintaría e moble

Vedra e Boqueixón compartirán un novo obradoiro de emprego no mes de setembro

O Concello de Boqueixón, contará no vindeiro mes de setembro cun novo obradoiro de emprego no que 20 alumnos/traballadores distribuídos nas especialidades de Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaria e Traballos de carpintaría e moble poderán cobrar un salario mensual de máis de 600€ mentres aprenden unha profesión.

Esta nova edición, terá unha duración de seis meses e contará cun presuposto global de 284.025,08€ dos que 104.890,88€ serán aportados directamente polos concellos, correndo o resto a

cargo da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta iniciativa permitirá realizar importantes actuacións dirixidas a mellorar e embelecer os principais lugares públicos das parroquias. Cos materiais a empregar, conseguirase dotar os lugares públicos de elementos que

resalten a beleza natural das nosas parroquias.

Todos os veciños e veciñas interesados en participar nesta nova edición do obradoiro de emprego, deberán achegarse á Oficina de Emprego de Santiago Norte a inscribirse.

Quinto obradoiro co Concello de Vedra

Este obradoiro é o quinto que ambos concellos organizan de forma conxunta o que permite incrementar as posibilidades de inserción laboral dos veciños e veciñas dos dous municipios.



Un centenar de empresarios asistiron á xornada de traballo co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, celebrada en Lestedo

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten activados preto do 70% dos programas de axudas a empresarios.

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, arroupado polos alcaldes de Boqueixón e Vedra, Ovidio Rodeiro e Carlos Carrillo, participou nunha xornada en Lestedo na que escoitou as propostas dos empresarios de Boqueixón e Vedra e lles trasladou

as principais actuacións da Consellería, a cal ten activados preto do 70% dos programas de axudas para este ano, con convocatorias abertas que suman 185 millóns.

Salientou que o Igape ten en marcha convocatorias por 22 millóns de euros para apoiar os investimentos empresariais e que na área de Emprego están activas liñas por preto de 100 millóns nas que se priorizan os colectivos

máis desfavorecidos ou con menor empregabilidade.

O conselleiro convidou aos participantes no encontro celebrado en Boqueixón a empregar as diferentes ferramentas ao seu dispor para continuar creando riqueza e emprego.

6 millóns de euros en axudas públicas para Boqueixón e Vedra

A través de distintas liñas de axudas, nos últimos anos, a Consellería que dirixe Francisco Conde apoiou diferentes iniciativas empresariais e de fomento do emprego nos municipios de Vedra e Boqueixón cun total de 6 millóns de euros en axudas públicas.



Ao fondo, Carlos Carrillo, alcalde de Vedra, Francisco Conde, conselleiro de Economía, Emprego e Industria, e o alcalde de Boqueixón, na reunión mantida cos empresarios

En setembro dará comezo o novo ciclo formativo de grao superior de Técnico en sanidade animal

O Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude acollerá o vindeiro curso un novo ciclo superior

O Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude, amplía a súa aposta pola profesionalización da actividade gandeira e porá en marcha no próximo mes de setembro un ciclo formativo de grao superior para poder acadar o título de Técnico en Ganadería e Asistencia en Sanidade Animal.



Visita da conselleira de Medio Rural ás instalacións do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude

O curso terá una duración de 2000 horas, que se repartirán du-

rante dous anos.

As persoas que acaden esta titulación poderán xestionar a produción gandeira, programando e organizando os recursos, aplicando os plans de produción, calidade, sanidade e benestar animal, a prevención de riscos laborais e a protección ambiental. Entre as saídas laborais están encargado de explotación

gandeira; responsable de produción en cooperativas, sociedades ou asociacións gandeiras ou de explotación en empresas gandeiras e, por último, axudante de veterinario en explotacións.

Espazo de referencia para o sector primario de Boqueixón

Esta nova medida adoptada pola Consellería de Medio Rural, fortalece as posibilidades do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude, como espazo de referencia para o sector primario de Boqueixón.

Programa de sensibilización ambiental que contribúe ao embelecemento do municipio

Boqueixón conta con máis de 50 padriños e madriñas de xardineiras

O Concello de Boqueixón iniciou no mes de marzo esta iniciativa orixinal baixo o nome de "Apadriña/Amadriña unha xardineira" mediante a cal pretende sensibilizar en clave ambiental e contribuir ao embelecemento de Boqueixón.

Este proxecto conseguiu formar a máis de 50 padriños e madriñas que comparten inquietudes comúns en torno ao coidado do contorno.

O prazo de solicitude para participar neste programa continúa aberto. Todas aquelas persoas ou colectivos interesados

en participar, teñen que firmar unha carta de compromiso, asumindo o coidado e mantemento dunha ou varias xardineiras durante un período mínimo dun ano.

A empresa Viveiros Compostela contribúe desinteresadamente no proxecto

A empresa boqueixanesa Viveiros Compostela contribúe de forma desinteresada no proxecto a través da realización das xornadas formativas para o coidado e mantemento das xardineiras,



da administración a un máximo de 50 xardineiras de todos os consumibles precisos para a súa ornamentación e na entrega dun vale de 20€ a cada padriño/madriña para canxear por pranta ornamental de tempada de produción propia nas instalacións do viveiro.

Boqueixón destina preto de 40.000€ ao mantemento e conservación de zonas verdes e áreas naturais

Posta en marcha das “Patrullas verdes” e adquisición dunha desbrozadora de brazo.

O Concello de Boqueixón porá en marcha o servizo “Patrullas verdes” e comprará unha nova desbrozadora de brazo.

“Patrullas verdes” é un servizo de protección e conserva-

ción do medio ambiente que se levará a cabo durante todo o ano por dous operarios. As accións principais, que desenvolverá esta patrulla, estarán destinadas á limpeza e desbroce de áreas recreativas, zonas verdes, sendeiros...; á localización e eliminación de vertedoiros incontrolados; á realización de campañas

de sensibilización medioambiental en colexios, asociacións... e en xeral, á vixianza medioambiental, conservación de montes e defensa de espazos naturais.

Esta subvención, tamén permitirá a adquisición dunha nova desbrozadora de brazo, o que permitirá axilizar as tarefas de desbroce anuais.

Proxecto de sinalización e accesibilidade ó Pico Sacro


Solicitados 46.479,22€ á Axencia de Turismo de Galicia para dar continuidade as accións de posta de valor do Pico Sacro

Dentro das medidas encamiñadas á posta en valor do Pico Sacro, o alcalde Boqueixón, presentou ante a Axencia de Turismo de Galicia, un proxecto encamiñado á mellora da accesibilidade e a sinalización deste monumento de gran valor paisaxístico, xeolóxico, histórico e cultural.

Dentro das medidas de accesibilidade contéplase a mellora da zona de aparcadoiro, a reposición da varanda de madeira con balaustre rectangulares no acceso ao cumio, acondicionamento da capela de San Sebastián, acondicionamento do acceso a boca da cova norte e reposición de travesas na escaleira de acceso ao cumio.

Nas medidas de sinalización, o proxecto contempla a sinalización direccional e a sinalización estática do Patrimonio Cultural e Natural.

O fin último destas actuacións son a promoción do sector turístico como un factor de crecemento económico e a creación dun sector turístico competitivo, de calidade e accesible.



Preto de 500 reservas de peregrinos para pernoctar en Lestedo no primeiro semestre deste ano

Polo prezo de 3€ poden facer uso do pavillón municipal

Dende o mes de xaneiro, o Concello de Boqueixón, contabiliza en preto de 500 peregrinos os que reservaron o pavillón de Lestedo para pernoctar, na etapa final, antes de chegar a Santiago a través da Vía da Prata.

Estes peregrinos, chegados dende distintos puntos da xeografía nacional e internacional, son un factor de dinamización e potenciación da economía dos negocios situados ao longo desta ruta do Camiño de Santiago.



Tempada de éxito para os equ

E.F. Boqueixón.- Prebenxamíns de 1º ano 2010 - FÚTBOL SALA

Foi o primeiro ano de adestramento e competición deste grupo de nenos que na liga de Fútbol Sala de Santiago conseguiron meterse no grupo de pelexa polo título de liga.



E.F. Boqueixón.- Benxamíns FÚTBOL SALA

Foi o segundo ano en competición deste grupo de nenos que na liga de Fútbol Sala de Santiago conseguiron pelexar polo título de consolación ate o final.



E.F. Boqueixón.- Benxamíns - FÚTBOL 8

Sáíron a competir na Primeira categoría de benxamíns e conseguiron acabar nun meritorio quinto posto. Asimesmo nos torneos nos que participaron ata o de agora conseguiron vencer na final de consolación no Torneo de Bertamiráns e quedar segundos no Torneo da E.F. Boqueixón.



E.F. Boqueixón.- Alevíns - FÚTBOL 8

Sáíron a competir na Primeira categoría de alevíns e non conseguiron manter a categoría. Asimesmo nos torneos nos que participaron ata o de agora conseguiron vencer na final de consolación no Torneo de Bertamiráns e gañar o Torneo da E.F. Boqueixón



E.F. Boqueixón.- Infantiles - FÚTBOL ONCE

Sáíron a competir na Segunda categoría de infantiles conseguindo rematar a competición nun meritorio sétimo posto.



E.F. Boqueixón.- Juveniles - FÚTBOL ONCE

Sáíron a competir na Segunda categoría de juveniles, e a tempada resultou mala, e con demasiada mala sorte, que tivo o seu remate coa grave lesión dun dos xogadores no derradeiro partido de liga.



C.F. Ponte Camporrapado

Este clube, que iniciou a súa andaina deportiva no ano 2008, participa en competición federada de fútbol de nivel autonómico (2ª categoría). A pasada tempada acadaron o ascenso a Segunda Rexional.



Equipos de fútbol de Boqueixón

Reale Lestedo Boqueixón

Este club ten data de fundación no ano 1986, co nome de Veteranos Lestedo, sendo o primeiro equipo de veteranos existente en Boqueixón. Este ano celebran o seu trixésimo aniversario.

Dende fai tres tempadas, xa como Reale Lestedo Boqueixón, acadaron 3 ascensos consecutivos, pasando da terceira división a primeira A (pasando por segunda e primeira B).



Tartas Lestedo Maderas Peón Veteranos F.S.

Nesta tempada 2015/2016, o Tartas Lestedo, quedou campión na final de veteranos da agrupación de Santiago e revalidaron o título acadado a tempada pasada.



Taberna do Portugués Boqueixón (Veteranos)

Este equipo de veteranos fundouse a mediados dos anos 80. Tras varios cambios de nome, Hierros Diego, Ener Lamela, Casa Lenin, entre outros, na tempada actual 2015-2016, coincidindo co centenario da Taberna do Portugués situada en Rodiño, adoptaron o seu nome.

Nas últimas 5 tempadas o club gañou 4 veces o trofeo do equipo máis deportivo da Agrupación de Veteranos de Santiago.

Sempre xogan na última categoría, Terceira División, pero caracterízanse por ser o equipo menos amonestado de todas as categorías.



Boqueixón C.F

O equipo de veteranos fundouse na tempada 1995-1996 co nome de Hermanos Couto Boqueixón. Tras 17 anos de éxitos, na tempada 2012-2013 cambia de nome e pasa a chamarse Boqueixón C.F., conseguindo manter en pé ó equipo gracias ós novos patrocinadores.

Levan o nome de Boqueixón por toda Galicia a través da súa participación no Campionato Galego de Veteranos. Nas tempadas 2012/2013 e na 2014/2015 foron vencedores do Campionato Galego e actualmente son subcampións de liga.



Veteranos Camporrapado

Campións de liga de 1ªA e ascenso automático á División de Honra. Recentemente proclamados campións da copa da Cidade de Santiago.



F.S. Rodiño TRS

Este é o único equipo feminino de Boqueixón. Os seus inicios remóntanse ao ano 1996 e tras 20 anos de percorrido, acaban de proclamarse gañadoras da Liga Local Feminina de Santiago.



Nesta ocasión foron 225 alumnos de varios centros de estudos de Becerreá, Lousame, Vedra, Carballiño, Cotobade e Salvaterra do Miño

O III Encontro Dragal atrae ao Pico preto de 250 escolares de toda Galicia



O alcalde de Boqueixón e a escritora Elena Gallego, na III edición do Encontro Dragal

O máximo Pico Sacro acolleu a actividade de dinamización literaria III Encontro Dragal. Esta iniciativa ambientada na triloxía da escritora galega Elena Gallego Abad, fixo que rapaces e rapazas gozasen dun xogo de rol en vivo baseado na devandita obra e máis na historia de Galicia.

A colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Concello de Boqueixón, xunto con Ramsa, fixeron posible a or-

ganización do III Encontro da Fraternidade do Dragal, o cal supuxo unha actividade lúdica e ó mesmo tempo divulgativa e educativa sobre o noso patrimonio histórico, inmaterial e cultural.

A xornada comezou contra as 10:30 horas cunha benvida aos varios centros participantes. Media hora despois deu comezo o xogo de rol, que se estendeu ao longo de tres horas a través dunha ruta programada na que pasaron

diferentes probas. Xa as 14:15 horas todos os rapaces compartiron un xantar de confraternización no que degustaron a saborosa filloa de Lestedo, para ás 15:15 horas dar comezo a entrega de diplomas participativos.

Neste acto estiveron presentes, entre outros, o alcalde de Boqueixón, e a propia autora da triloxía Dragal, Elena Gallego Abad.

Obra inspirada no mito da “traslatio” do corpo do Apóstolo Santiago

A obra está inspirada no mito da “traslatio” do corpo do Apóstolo Santiago que recollen as páxinas do famoso Códice Calixtino o que nos redescubre a lenda da Raiña Lupa no Pico Sacro e as máxicas augas da Poza da Moura.

Esta triloxía está tendo un imparable éxito, cunha significativa repercusión a nivel xuvenil e educativo.

Destinanse a estas accións preto de 55.000€

O municipio contará con dúas brigadas e unha motobomba para a prevención e defensa de incendios forestais

O Concello de Boqueixón e a Consellería de Medio Rural, veñen de asinar un convenio de colaboración, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017, e 2018.

Este convenio recolle o compromiso da realización anual de tres accións, por un lado a participación na defensa contra incendios forestais mediante a actua-

ción de 1 vehículo motobomba durante 3,5 meses, por outro a realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado en 85 hectáreas de camiños forestais, e por último, a contratación de dúas brigadas, de 5 operarios cada unha, para o desenvolvemento de tarefas de vixilancia e defensa e para a realización de até un máximo de 10,03 hectáreas de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma manual.

Un camión lixeiro todoterreo forestal e un todo terreo pick up son as novas adquisicións

Boqueixón conta con dous novos vehículos destinados á prevención e extinción de incendios forestais

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, recepcionou varios vehículos destinados ao apoio na extinción de incendios forestais e á prevención e atención ás emerxencias, concedidos ao municipio a través dunha subvención do programa operativo de fondos europeos Feder – Galicia para a mellora de infraestruturas e equipamento de emerxencias nos

servizos municipais e supramunicipais de protección civil e emerxencias; e a través dunha subvención da Consellería de Medio Rural para o apoio á extinción de incendios forestais .

Un dos vehículos trátase dun camión lixeiro todoterreo forestal da marca URO, modelo VAMTAC CK, de cabina sinxela e 3.000 litros de capacidade de auga destinado ao desenvolvemento de tarefas de defensa contra incendios forestais para as que está especialmente preparado.

A entidade tamén suma ao seu parque móbil un vehículo todo terreo pick up modelo ISUZU D-MAX POWER SERIES.

Un espaxador de sal e un remolque de emerxencias completan a adquisición

Un espaxador de sal adaptado a remolques ou vehículos todo terreo e un remolque de emerxencia para as funcións de protección civil e emerxencias completan a adquisición.

Esta incorporación de vehículos contribúe a unha importante renovación dos vehículos do parque móbil e facilita as condicións de traballo.



Novos vehículos destinados á prevención e extinción de incendios forestais

As clases presenciais estanse a impartir no local social de Lestedo e na sala de usos múltiples do concello

Un total de 16 mozos e mozas participan no curso de monitor de tempo libre

As instalacións municipais, acollen dende o mes de maio, un curso de monitor de tempo libre de 300 horas divididas en 200 teóricas e 150 prácticas, dirixido a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos de idade.

Esta actividade, que está enmarcada dentro da programación conxunta que os concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces deseñan para os mozos e mozas, ten como obxectivo principal capacitar ao monitor de tempo libre para o exercicio das súas fun-

cións, coñecer o neno dotando de recursos técnicos, saber traba-

llar en equipo e aprender cómo se realiza a actuación educativa.



Foto de familia dos asistentes ao curso de monitor de tempo libre

Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces contan cun proxecto aprobado para 14 mozos e mozas

Máis de 80.000€ euros destinados a prácticas formativas en empresas no estranxeiro

O programa de información e dinamización xuvenil “Val do Ulla ´16”, oferta a mozos e mozas de entre 16 e 30 anos de idade, 14 prazas para a realización de prácticas formativas en entidades ou empresas públicas ou privadas de 31 países europeos, dentro do programa Galeuropa.

A través deste programa preténdese incrementar as posibilidades de inserción laboral para a

mocidade, complementar a competencia profesional e persoal, adquirir competencias en idiomas estranxeiros e reducir os obstáculos lingüísticos e fomentar a autonomía persoal.

Irlanda, Italia e Reino Unido

O proxecto ofrece a posibilidade da realización de 5 horas diarias de luns a venres de prác-

ticas en empresas situadas en Irlanda, Italia ou Reino Unido, búsqueda dunha empresa acorde ao perfil do interesado, búsqueda de aloxamento e un tutor-mentor durante os 3 meses de prácticas.



Na anterior edición participaron 14 empresas e unha trintena de estudantes

Tras o éxito acadado na anterior edición, Boqueixón aposta de novo polo programa “Deseñando o teu futuro”



Asistentes á xornada explicativa do programa “Deseñando o teu futuro”

Boqueixón desenvolve por segundo ano o proxecto “Deseñando o teu futuro”, unha iniciativa da Dirección Xeral de Xuventude que promove que mozos e mozas de entre 14 e 18 anos realicen prácticas en diferentes empresas vinculadas

a oficios polos que sinten vocación pero sin coñecer realmente en que consiste o traballo. O obxectivo final é que, antes de eleixir unha opción académica os mozos e mozas conozan mínimamente a profesión á que queren adicarse e as opcións de inserción laboral que terán.

Este programa xa se desenvolveu con éxito o ano pasado, coa participación de 14 empresas e unha trintena de estudantes.

Incorporación de novas empresas ao proxecto

Entre as novas empresas que formarán parte desta convocatoria está a firma Clece que xestiona, entre outros servizos, varias escolas infantís e servizos de limpeza. No mes de marzo, o alcalde e un representante de Clece, firmaron un acordo de colaboración para a participación neste proxecto.

Obterán unha beca de 6€ diarios para os gastos de manutención e desprazamentos

Dez mozos e mozas participan no programa de voluntariado xuvenil



Reunión de traballo dos participantes no programa de voluntariado xuvenil co alcalde

O Concello de Boqueixón, desenvolve dende o mes de marzo e ata outubro, un programa de voluntariado xuvenil dirixido a mozos e mozas de entre 16 e 30 anos de idade.

As persoas voluntarias poden desenvolver o su

proxecto de voluntariado na área de atención ao peregrino, nas actividades de dinamización sociocultural, na área deportiva ou dentro das accións encamiñadas ao coidado do medioambiente, entre outras.

Os mozos e mozas que se embarcan neste proxecto, reciben formación, contan cun seguro de responsabilidade civil e teñen cubertos os gastos de desprazamento e manutención cunha beca diaria de 6€.

Vigo, Sergude, Camporrapado e Lestedo foron os lugares elexidos para manter estes encontros

Preto de 100 mozos e mozas participan das reunións de traballo nas distintas parroquias

O alcalde de Boqueixón mantivo durante o primeiro semestre do ano varias reunións de traballo cos mozos e mozas do municipio de entre 16 e 24 anos de idade para amosarlles a variada programación lúdico – educativa que

dende as dependencias municipais se deseñan para eles.

A través destas sesións, fomentouse a participación da mocidade, co propósito de estimular o seu espírito de protagonismo e liderado, a creatividade e o talen-

to xuvenil e, sobre todo, permitir poñer en práctica as súas ideas relacionadas co lecer, a comunicación e as novas tecnoloxías, así como ensaiar novas propostas relacionadas co emprendemento e a empregabilidade.



Cecilia Vázquez, directora xeral de Xuventude e o alcalde de Boqueixón na xuntanza con mozos e mozas realizada en Lestedo

A directora xeral de Xuventude, Cecilia Vázquez, participou na xuntanza de Lestedo

A directora xeral de Xuventude, Cecilia Vázquez, participou no mes de febreiro, na primeira xuntanza con mozos e mozas do Concello de Boqueixón onde animou á xuventude a participar nos diferentes proxectos que dende a dirección xeral de voluntariado se articulan para este colectivo.

Este ano foron preto de 300 as persoas que participaron no encontro Boqueixón celebra o XXV Encontro de Maiores

O pavillón do Forte foi o escenario elixido para celebrar a XXV edición do Encontro de Maiores do Concello de Boqueixón.

A cita anual, consolídase xa como un día de homenaxe e recoñecemento para todos os maiores do municipio, no que se mestura a gastronomía, a boa música, o baile e os agasallos.

O día comezou coa celebración dunha misa cantada no salón de actos do colexio, seguido dun xantar de confraternidade elaborado a base de produtos da zona servido por Casa Taboada, e a continuación puideron gozar dunha sesión de baile a cargo do dúo Chanel.



Asistentes ao XXV Encontro de Maiores

Homenaxe á muller e ó home de maior idade

Aproveitouse a ocasión para render homenaxe a Concepción Miguélez Agrelo con 101 anos de idade e a Lino Rodríguez Salgado con 90 anos de idade como a muller e o home de máis idade presentes no encontro, os cales

foron agasallados cunha cesta de bombóns, un diploma acreditativo e unha tarxeta regalo do Corte Inglés por valor de 50€.

Todos os asistentes participaron nun sorteo de 10 vales de 30€ de gasóleo ou gasolina cedidos por gasolineras SBC e dun reloxo de cabaleiro e outro de señora.

Ficción creada por un grupo de escolares de Boqueixón dentro da actividade extraescolar “Micromovie Xuvenil”

A curtametraxe “Xigante de pedra” pon en valor a maxia do Pico Sacro

O Centro de Interpretación do Pico Sacro (Lestedo), acolleu a presentación da curtametraxe “Xigante de Pedra” no marco

das diversas actuacións que o concello está a desenvolver para a posta en valor do Pico Sacro e o seu contorno.

“Xigante de pedra” é unha ficción creada por un grupo de rapazas de Boqueixón dentro da actividade extraescolar “Micromovie Xuvenil” que pretende incidir na maxia e no encanto do Pico Sacro dende unha ollada xuvenil.

As alumnas participantes nesta actividade desenvolveron as diferentes fases de elaboración do guión, interpretación, musicalización, edición... de xeito que puideron vivenciar todo o proceso creativo vinculado ao seu patrimonio máis próximo.



Alumnas da actividade extraescolar “Micromovie Xuvenil” que participaron na curtametraxe

Programa de conciliación “Semana Activa”

Durante as vacacións de Semana Santa, tivo lugar no ximnasio municipal, a actividade “Semana Activa”. Este programa lúdico-educativo para a conciliación da vida familiar e laboral estivo drixido a rapaces e rapazas de entre 3 e 12 anos de idade. Os pequenos disfrutaron das actividades organizadas polos monitores, tales como obradoiros, contos, xogos participativos, etc.



Visita do alcalde de Boqueixón á actividade “Semana Activa”

Fotografía da natureza

As profesionais encargadas de impartir este obradoiro práctico foron Lorena do Merlo e Merillotes Fotografía.

Preto dunha vintena de veciños e veciñas de Boqueixón gozaron dunha actividade de fotografía en contacto directo coa natureza co gallo da celebración da VI Ruta do Colesterol.

Nesta saída de campo, os participantes puideron plasmar a través da súa cámara a beleza dos recunchos escondidos polos que discorreu a andaina de 50km puntuable para o campionato de andainas.



Participantes no obradoiro práctico de fotografía da natureza

Este ano presentáronse 90 traballos de alta calidade

Entrega de premios do III Certame de relatos Xosé Neira Vilas

O departamento de Educación e Cultura e a biblioteca municipal promoveron, un ano máis, a terceira edición do certame de relatos Xosé Neira Vilas. O obxectivo primordial do concurso foi potenciar a lectura, a creatividade literaria e fomentar valores como a liberdade, o respecto e a tolerancia.

Nesta ocasión presentáronse 90 traballos de alta calidade o que dificultou a decisión do xurado que estaba composto por un representante da Fundación Xosé Neira Vilas, outro

do centro escolar, una persoa do departamento de educación e cultura do concello e a bibliotecaria municipal.

Na primeira categoría (3º e 4º de Primaria) gañou Cristina Mí-

guez con *O meu can Skype*, logo quedou Candela Suárez con *Piruleta* e de terceira Andrea Torres con *Viaxe a Moldavia*.

Na categoría de 5º e 6º de Primaria gañou Abel Iglesias con *Soñei onte á noite*, de segundo quedou Martín Barreiro con *Reinventando a San Xurxo* e de terceira Paula Esmoris con *Unha granxa moi estraña*.

Na categoría de Secundaria quedou de primeira Andrea Fernández con *Dun morto para ti*, logo premiaron a Marcos Agrelo con *Lémbreste de min?* e Sara García con *Ese tipo de lugares*.



Acto de entrega dos premios do III Certame de relatos Xosé Neira Vilas

Medida incluída no Proxecto de posta de valor do Pico Sacro

Boqueixón estrea web sobre o Pico Sacro



**Posicionamento /
Localización**



**Centro de
Interpretación**



**O Monte Sagrado
de Galicia**



**Libros,
audiovisuais**



Podes baixar este vídeo dende aquí

O Pico Sacro

"Representade na vosa imaxinación unha pirámide colosal sobre o horizonte dun val, un obelisco xigantesco que sae

O Concello de Boqueixón presentou recentemente a nova web do Pico Sacro (<http://www.boqueixon.com/pico-sacro/>), que ofrece dun xeito atractivo para os veciños, veciñas e visitantes a información máis relevante do monte sagrado, do seu centro de interpretación, da súa historia e lendas, acompañado todo dun magnífico material audiovisual.

Esta web xurde dentro das medidas propostas no Proxecto

de posta en valor do "PICO SACRO", presentado no mes de novembro, no cal se contempla como unha área de actuación a preservación do patrimonio material e inmaterial representado neste monumento natural. Monumento de gran valor paisaxístico, xeolóxico e histórico (non esquezamos a súa vinculación coa tradición xacobeana) que, pola súa importancia, supera os límites territoriais do noso concello.

Ponte Ledesma e o Pico Sacro presentes de forma moi activa nas redes sociais

Como complemento a esta nova páxina web, pero con unha intención máis interactiva e participativa tamén está en funcionamento un facebook sobre o Pico Sacro e outro sobre Ponte Ledesma, no que se recollen e comparten todas as novas relativas a este monte sagrado e á ponte romana.

Dende xuño incrementouse en 323 horas ó mes a atención

Segundo incremento de horas para a prestación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia

No marco da Nova Axenda Social, o Concello de Boqueixón viu reforzado de novo o número de horas mensuais asignadas para a prestación do servizo de axuda no fogar a persoas en si-

tuación de dependencia cuxo Programa Individual de Atención lle recoñece o dereito ao mesmo. Deste xeito, dende xuño incrementouse en 323 horas ó mes a atención, o que está a po-

sibilitar o acceso progresivo das persoas que se atopan na lista de agarda (Programa de Asignación de Recursos) á espera de acceder de forma efectiva ao servizo.

Programa de apoio a persoas coidadoras: CoidarNos


O programa lévase a cabo na sala de usos múltiples do concello os últimos mércores de cada mes.

O Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boqueixón, baixo a coordinación da psicóloga e da traballadora social, puxo en marcha no mes de maio un programa de apoio a persoas coidadoras de familiares en situación de dependencia. “CoidarNos” nace co obxecto de crear un espazo onde as persoas coidadoras poidan compartir experiencias comúns en torno ao coidado dos seus familiares, conformando así un grupo de apoio onde a xeración de vínculos e o sentido de pertenza redunden na mellora da

calidade de vida das persoas participantes.

A periodicidade coa que se reúne este grupo é dunha vez ao mes (os últimos mércores de mes) en horario de 17:00 a 20:00 horas. Polo momento, tiveron lugar as dúas primeiras sesións nas que se fixo un achegamento á historia persoal de cada participante, afondando nos sentimentos e nos motivos que levaron a cada quen a asumir esta función na familia. Tamén se abordou a “sín-

drome do coidador queimado”. No futuro, introduciranse de forma progresiva aspectos formativos e lúdicos, sen deixar de poñer a énfase no aspecto psicolóxico, razón de ser do nacemento deste programa.



Esta iniciativa está impartida pola profesional mestra en educación especial e doutora en Pedagogía Terapéutica Ruth Gómez Vázquez

Fin de curso do programa de Apoio Educativo



Nenos e nenas participantes no programa de Apoio Educativo na clausura da actividade

O Concello de Boqueixón, clausurou recentemente o curso escolar da actividade de Apoio Educativo, que imparte Ruth Gómez xunto con un pedagogo e unha psicóloga en coordinación coa educadora familiar do concello.

Este programa, en funcionamento dende o mes de novem-

bro, traballa con menores con dificultades de aprendizaxe e/ou nenos e nenas diagnosticados con algún trastorno infantil (TEA, déficit de atención, hiperactividade, outros trastornos...).

A avaliación desta iniciativa foi moi positiva xa que todos os participantes acadaron os obxectivos

escolares e traballaron con Ruth aspectos como: lectoescritura, comprensión lectora, técnicas de estudo, superación e redución da frustración, hábitos de estudo, empatía, habilidades sociais...

Premio ao esforzo e traballo de todo un curso escolar

Como broche final ao esforzo realizado polos trece nenos e nenas que participan deste programa, o Concello de Boqueixón, dende o seu Departamento de Servizos Sociais, agasallou no mes de xuño ós cativos, cunha tarde de cine visionando a película infantil nº1 en taquilla “Buscando a Dori” no Centro Comercial As Cancelas.

Obradoiros de igualdade de xénero no CRA Boqueixón-Vedra

O Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Boqueixón, levou a cabo durante o mes de febreiro, uns obradoiros sobre igualdade de xénero destinados a nenos e nenas de infantil e primaria do CRA Boqueixón – Vedra.

Esta iniciativa naceu da preocupación dos pais e nais da ANPA do CRA por esta temática, creándose así un compromiso común de loita pola igualdade.

Beneficiáronse da actividade 101 nenos e nenas das seis escolas que forman o CRA Boqueixón – Vedra.

Levando por título, “Marea e Alén: poñendo do dereito un mundo do revés”, traballouse o

uso discriminatorio das cores e dos xoguetes, un feito que con-

diciona a nenos e nenas dende o nacemento.



Ao fondo, Marea e Alén, protagonistas destes obradoiros

O alcalde de Boqueixón mantén unha xuntanza co Campión Galego Élite de Boxeo e veciño de Boqueixón, Pablo Fernández López



Pablo Fernández e o alcalde, Ovidio Rodeiro, sosteñen o cinturón que o proclama Campión Galego Élite de Boxeo

O alcalde de Boqueixón, mantivo unha xuntanza con Pablo Fernández López, mozo veciño de Sergude que se proclamou no mes de marzo Campión Galego Élite de Boxeo ante centos de afeccionados nunha velada disputada en Riveira.

A traxectoria deste deportista boqueixanés está chea de éxitos acadados con esforzo e horas de traballo en distintas disciplinas marciais (MMA, savate, loita olímpica ou kick boxing).

O alcalde manifestou interese pola súa carreira deportiva e tamén polo seu progreso profesional que actualmente está a desenvolver na cidade de Barcelona e valorou a súa evolución coma un exemplo para outros mozos e mozas do municipio.

Horario de luns a domingo de 15:00h. a 21.00h.

Apertura da piscina municipal

No mes de xuño, inaugúrase a tempada da piscina municipal, que está aberta dende o día 25 de xuño ata o 4 de setembro en horario de luns a domingo de 15:00h. a 21:00h.

Boqueixón, foi o primeiro municipio da comarca en contar con piscina municipal. As instalacións, en perfecto estado de conservación, contan con dúas piscinas,

unha para nenos e outra para adultos, unha zona axardinada con sombra, vestiarios femininos e masculinos e unha zona de ocio e cafetería.

T A R I F A S	ENTRADA SEN BONO		BONOS (20 entradas)	
	Ata 16 anos	1€	Ata 16 anos	6€
	Maiores de 16 anos	2€	Maiores de 16 anos	12€
	BONOS FAMILIARES (20 entradas)			
Familias de dous membros*		15€		
Familias de tres membros*		21€		
Familias de máis membros*		24€		
*Enténdese por membros da unidade familiar os cónxuxes e fillos/as. Venda de entradas e bonos na piscina.				



Tarefas de mantemento ó longo de todo ano

Esta zona de ocio e esparcemento municipal, precisa dun

mantemento que se executa ó longo de todo o ano, o que evita a degradación e a boa conservación das instalacións.



TELÉFONOS DE INTERESE

Concello

- Centraliña: 981 513 061
981 513 052
- Fax: 981 513 000
- Xulgado: 981 513 061
- Departamento de Cultura e Educación: 981 513 115
- Departamento de Servizos Sociais: 981 513 106
- Departamento de Deportes/Ximnasio: 636 731 721
- Departamento de Urbanismo/Vías e Obras: 616 440 473
- Recollida de Lixo: 616 440 468
- Punto Limpo: 616 440 465
- Saneamento: 981 513 457
618 812 799
- Abastecemento Auga: 610 707 052

Centros asistenciais:

- Centro Saúde do Forte: 981 513 010
- Centro Saúde de Lestedo: 981 502 297
- Residencia Santa Olalla (Codeso): 981 512 151

Emerxencias:

- Garda Civil de Lestedo: 981 503 051
- Emerxencias (teléfono gratuito): 112
- Urxencias médicas: 061
- Protección Civil Boqueixón: ... 616 440 465

Centros educativos:

- CPI Antonio Orza Couto:
981 513 021 (primaria)
981 513 455 (secundaria)
- CPI de Vedra:..... 981 503 034
- CRA:..... 616 440 471
- Escola Unitaria de Lestedo:.... 616 440 474
- Escola Unitaria de Camporrapado: 649 737 678
- Escola Unitaria de Sergude: ... 616 440 472
- Escola Infantil Raíña Lupa: 981 502 190

Outros:

- Correos:..... 981 513 248
- Permisos de queima:..... 902 112 000
- Taxista Lamas: 981 513 064
(María Fernández Millán) 696 027 068
- Taxista Ledesma:
(Jesús Ramos Fernández) 686 483 899
- Taxista Lestedo: 670 307 811
(José Manuel Silva Fernández) 981 502 019
- Farmacia de Lestedo: 981 502 252
- Farmacia do Forte: 981 513 087
- Farmacia de Camporrapado: . 981 514 425